

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

RECOÑECIMIENTO

Méndez Ferrín, Premio Nacional de Literatura

O xurado galardoou tamén a Díaz-Fierros na categoría de Pensamento e Cultura Científica, e a remodelación urbana de Pontevedra na de Patrimonio Cultural.

- [Díaz-Fierros: "Antes a ciencia era a 'ciencia do pobo', agora está cada vez máis afastada da sociedade"](#)

Redacción - 12:10 28/05/2008

Ferrín narrador, Ferrín poeta, Ferrín voz crítica e insubornábel. O xurado dos Premios Nacionais de Cultura decidiu que [o autor de Celanova](#), candidato ao Nóbel de Literatura, Premio da Crítica e membro da RAG, merece o Premio Nacional de Literatura. Como queira que esta é a primeira vez que se entregan os galardóns, e que o outorgado a Ferrín homenaxea cincuenta anos de produción, pódese entender que a cultura galega o condecora deste xeito como o seu máis importante autor vivo. Heriberto Bens recibe, pois, o recoñecemento de Tagen Ata.

O xurado destacou que Ferrín protagonizou o cambio de rumbo estético das nosas letras nas décadas dos sesenta e os setenta, e valorou igualmente o forte compromiso político da súa obra narrativa (*O crepúsculo e as formigas*, *Bretaña Esmeraldina*, *Arraianos...*) e poética, dende o seminal *Con Pólvora e Marnolías* até as súas obras máis recentes *Era na selva de Esm* e *Contra Maquieiro*.

Dáse a circunstancia de que hai unhas semanas Méndez Ferrín criticou publicamente, [nun artigo no Faro de Vigo](#), algúns aspectos da organización dos Premios Nacionais de Cultura, dos que dicía "amosan a mentalidade colonizada de que falamos pesia ao inequívoco adxectivo de Nacionais". En concreto, o autor esixía que se crease un galardón para cada xénero literario, como de feito sucede nos premios estatais de cultura entregados polo Ministerio, e que se equiparase a contía económica dos galegos (15 mil euros cada un) cos españois (20 mil en cada categoría).

Díaz-Fierros e a remodelación urbana de Pontevedra

Este mércores anunciáronse igualmente outros dous premiados nos Premios Nacionais de Cultura. O edafólogo [Francisco Díaz-Fierros](#) foi galardonado na categoría de Pensamento e Cultura Científica, destacando "a súa capacidade para colocar na axenda da cultura galega a cultura científica" e saber unir a investigación con problemáticas actuais da sociedade galega, como o medio ambiente.

Recoñeceuse tamén o traballo realizado na remodelación urbana de [Pontevedra](#), Premio de Patrimonio

Cultural. O xurado destacou o enfoque global do proxecto, que logrou "mudar a situación do casco histórico e colocalo no centro da vida social e económica".